

NOTA DE PRENSA

O espazo administrativo e de xestión multiplicarase por cinco

GRUPO CUEVAS TRIPLICARÁ NO POLÍGONO DE SAN CIBRAO AS SÚAS ACTUAIS INSTALACIÓNS DO VINTEÚN

As obras do novo complexo empresarial concluirán a finais de 2019.
Artur Yuste: “Cuevas é hoxe, máis ca nunca, un longo camiño de ida”.

“Todo o mundo ten soños, e levantámonos cada día para facelos realidade. Grupo Cuevas tamén ten os seus soños, e hoxe reúnenos aquí un deles”. Con esta afirmación abriu o director xeral do Grupo Cuevas, Artur Yuste, o simbólico acto de inicio das obras das futuras instalacións da compañía, no Polígono de San Cibrao. O proxecto contempla agrupar o Centro Loxístico e a sede central da empresa sobre unha superficie que case triplica as medidas actuais do Vinteún, e nalgúns comparativas ata quintuplica os espazos dispoñibles, como é o caso da zona administrativa e de xestión.

Artur Yuste, que afirmou sentirse orgulloso do equipo humano, “dos meus compañeiros e da súa capacidade profesional” e do que “nos seguimos esixindo para a plena igualdade de homes e mulleres”, destacou o continuado crecemento rexistrado ano tras ano polo Grupo Cuevas e a obrigaón inaprazable de construír novas instalacións para dar resposta aos novos retos e ás necesidades que xorden, “para consolidarnos como un dos grandes grupos empresariais dentro do difícil mercado da distribución alimentaria galega, e continuar pola senda do crecemento, achegando valor, emprego, traballo, calidade de vida ás persoas e riqueza a Ourense e a Galicia a través de todas as nosas empresas”.

No acto do inicio simbólico, sobre os terreos da Cidade do Transporte, déronse cita distintos representantes empresariais, profesionais e financeiros, que acompañaron a toda a cúpula directiva do Grupo Cuevas. Durante as intervencións, o alcalde de San Cibrao e o presidente da Asociación empresarial, Elías Mera, valoraron e agradeceron a decisión do Grupo Cuevas e a súa aposta polo Polígono.

A conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, pola súa banda, referiuse ao Grupo Cuevas como un dos referentes industriais da provincia de Ourense, tanto polo seu nivel de xeración de emprego, como pola súa implicación no territorio, así como por levar produtos galegos a medio mundo, ademais, “cun produto tan da nosa terra como a castaña”.

“Non concibo crecer simplemente por crecer, non me parece un valor -advertiu Yuste durante a súa intervención- non debemos esixirnos máis, senón esixirnos mellorar, porque é un reto máis sustentable e máis útil, mesmo máis ético. E hoxe o que presentamos aquí é froito dun proceso natural e maduro”. Concluíu a súa alocución sinalando que “todo isto pódoo resumir en que me sinto orgulloso cando todos os que formamos o Grupo Cuevas conseguimos facerlle a vida un pouco máis agradable a quen temos preto, humildemente é así”, concluíu Yuste, para quen “o Grupo Cuevas é hoxe, máis ca nunca, un longo camiño de ida”.

Corenta anos despois

A necesidade de crecer: de 13 mil a 32 mil metros cadrados

No ano 151 da súa longa vida, o Grupo Cuevas afronta unha desas datas que quedarán marcadas na súa historia. As novas instalacións, que comeza a construír no Polígono de San Cibrao, sitúanse sobre a parcela de maior tamaño da Cidade do Transporte, adquirida a través de Xestur, que, a iniciativa da Xunta de Galicia, incentiva a actividade empresarial na provincia de Ourense con bonifcacións do 50% no prezo do chan.

As instalacións ocupan unha superficie de 31.860 metros cadrados e acollerán a actividade operativa e de xestión global da compañía, fóra das marcas Marrón Glacé e Frunatur, xa implantadas no viario principal do Polígono desde hai xa varias décadas, e de Tomóvil, situado na cidade de Ourense.

Sobre o terreo levantarase unha nave de tres plantas e quince metros de altura, cunha superficie total de 18.830 metros cadrados.

A plataforma loxística terá 17.912 metros cadrados, con 22 peiraos de carga para a recepción e expedición de mercadorías, e capacidade para case 26 mil palés. 15.848 do total de metros cadrados estarán ocupados pola zona de secos, cunha altura de 14 metros e unha capacidade para almacenaxe de 212.615 metros cúbicos. Os 1.094 metros cadrados restantes estarán destinados a zona de refrixerante, cunha capacidade de almacenaxe de 13.316 metros cúbicos distribuídos en catro estancias con distintas temperaturas e humidades diferentes.

Ademais do centro loxístico, o proxecto contempla a construción de oficinas para acoller os seus servizos administrativos e de xestión, incluídos espazos comúns, sobre unha superficie de 2.420 metros cadrados.

As novas instalacións substituirán ás que o Grupo Cuevas ocupa desde 1978 ata a actualidade no Polígono do Vinteún, sobre unha parcela de 13.000 metros cadrados, e que corenta anos despois resultan insuficientes. Do total, 8.000 metros ocúpaos a nave, con doce peiraos de carga. A planta de oficinas ten unha superficie de 480 metros cadrados.

Segundo as previsións, as novas instalacións poderían estar concluídas a finais de 2019, cun investimento estimado que rolda os dez millóns de euros.

Os datos do Grupo Cuevas en 2017

Xusto en 2017, o ano conmemorativo do seu 150 aniversario, o Grupo Cuevas rompeu a barreira dos cen millóns de facturación e situou a cifra de vendas en 101,6 millóns, cun crecemento medio do 5,2% no conxunto das sociedades. O 88,4% dos ingresos procede do negocio da alimentación. Precisamente, a evolución das vendas totais en produtos de gran consumo, segundo os datos do último informe Nielsen, revelan que o Grupo Cuevas se move moi por riba das medias do sector de distribución alimentaria, tanto en España como en Galicia.

O resultado bruto de explotación (Ebitda) da compañía mellorou case un 10% respecto de 2016, un 92,6% se contabiliza o crecemento acumulado desde 2014.

Durante o mesmo exercicio de 2017 tributou case 4 millóns de euros polo pago de impostos, e o emprego creceu un 6% e achegouse aos 500 traballadores.